

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 9 DE XUÑO DE 2016,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Proxecto de lei polo que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en concepto de recuperación dos importes efectivamente deixados de percibir na parte proporcional ao tempo de servizos prestados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 28 de febreiro de 2013.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: Mellora da estrada LU-124. Treito: Lindín (A-8) – A Cruz da Cancela (LU-122), de clave: LU/15/101.10.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se autorizan e se regulan determinados sistemas de eliminación de subprodutos animais non destinados ao consumo en Galicia e se concretan determinados aspectos relacionados coa localización das explotacións porcinas.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se aproba a revisión efectuada dos procedementos administrativos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

para os efectos da súa incorporación á sede electrónica mediante orde do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se aproba a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Boiro para a execución da obra de mellora do colector do río Breiro, eliminación de pluviais e implantación de TDUS. Boiro (A Coruña), clave OH.315.1028, por importe de dous millóns setenta e sete mil cincocentos oitenta e tres euros con corenta e tres céntimos (2.077.583,43€).
- Acordo polo que se autoriza a aprobación, por proposta da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, do Plan de acción global fronte os danos ocasionados polo xabaril.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza eximir os organismos de investigación de Galicia, de acordo co artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, da presentación de garantías polo importe dos pagamentos anticipados e á conta establecidos nas bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para a creación, posta en marcha e consolidación de unidades mixtas de investigación aliñadas cos retos estratéxicos e prioridades identificadas na RIS3 para Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016, por importe de cinco millóns de euros (5.000.000,00€).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Comarcal de Educación Especial Santísimo Cristo del Amor (Aceesca), para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe total de doce mil setecentos corenta e catro euros (12.744,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines

Amencer—Aspace para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos discapacitados en dous centros educativos radicados na provincia de Pontevedra polo importe total de vinte e un mil douscentos corenta euros (21.240,00€).

- Acordo polo que se autoriza a s sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación de Familias de Persoas con Discapacidade Psíquica das Comarcas do Barbanza e Noia, Amicos, para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe total de dez mil cento noventa e cinco euros con vinte céntimos (10.195,20€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Autismo Ourense para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia de Ourense, polo importe total de tres mil oitocentos vinte e tres euros con vinte céntimos (3.823,20€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral – A Coruña (Aspace) para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe total de once mil oitocentos noventa e catro euros con corenta céntimos (11.894,40€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e A Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista da Provincia da Coruña, Aspanaes, para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos discapacitados en catro centros educativos radicados na provincia da Coruña, polo importe total de cincuenta e dous mil dezaseis euros con setenta e seis (52.016,76€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación en Favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra (Aspanaex) para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos discapacitados nun centro educativo

radicado en Vigo, provincia de Pontevedra, polo importe total de oito mil novecentos vinte euros con oitenta céntimos (8.920,80€).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (Aspronaga) para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe total de vinte e tres mil trescentos sesenta e catro euros (23.364,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Deputación Provincial de Pontevedra en relación coa prestación do servizo de comedor escolar ao Centro de Educación Especial Príncipe Felipe de Pontevedra, polo importe total de catorce mil dezaioito euros con corenta céntimos (14.018,40€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Menela para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia de Pontevedra, polo importe total de dezaseis mil cento corenta e dous euros con corenta céntimos (16.142,40€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Nuestra Señora de Chamorro para posibilitar o uso do servizo de comedor escolar de alumnos discapacitados nun centro educativo radicado na provincia da Coruña, polo importe total de mil seiscentos noventa e nove euros con vinte céntimos (1.699,20€).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia e adquirir compromisos de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia na Orde pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos de atención temperá no

marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciados polo Programa operativo Fondo Social Europeo Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para os anos 2016 e 2017. Importe total: dous millóns douscentos cincuenta e dous mil douscentos dezaseis euros (2.252.216,00€).

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social para establecer pagamentos á conta en porcentaxe superior á recollida no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, no proxecto de orde pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de axudas económicas para a creación de escolas infantís 0-3 en polígonos industriais e parques empresariais, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para os anos 2016 e 2017. Total: dous millóns trescentos corenta e tres mil catrocentos sesenta e oito euros (2.343.468,00€).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación da primeira revisión do Plan Forestal de Galicia (PFG).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia do exercicio da acción popular nas dilixencias dimanantes do procedemento tribunal do xurado 15/2016, seguidas ante o Xulgado de Instrución núm. 2 de Ferrol, abertas por razón do falecemento por violencia de xénero de Caridad Pérez Calderón.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre as directrices para a revisión do Plan forestal de Galicia.

A XUNTA APROBA O ANTEPROXECTO DE LEI PARA ABOAR ESTE ANO AOS EMPREGADOS PÚBLICOS A PARTE DEVINDICADA DA EXTRA DE 2013

- *Os traballadores da Administración galega percibirán uns 180 euros de media*
- *Esta lei é froito do acordo alcanzado a pasada semana entre a Consellería de Facenda e os sindicatos CSIF, UGT e CC.OO.*
- *A devolución afecta todos os empregados públicos autonómicos, tanto o persoal funcionario coma o laboral, estatutario, docente e non docente, de Xustiza, e ao persoal das entidades instrumentais, e tamén o persoal das universidades públicas e do ensino concertado*
- *Este acordo, publicado onte no DOG, tamén establece que a Xunta restituirá o 100% do complemento específico das pagas extra a partir do vindeiro 1 de xaneiro*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o anteproxecto de lei para efectuar neste ano a devolución aos empregados públicos do 100% da parte devindicada da paga extra de xuño de 2013. Esta lei é froito do acordo asinado a pasada semana entre a Consellería de Facenda e os sindicatos CSIF, UGT e CC.OO, que tamén establece que dende o 1 de xaneiro de 2017 a Administración galega restituirá o 100% do complemento específico das pagas extras.

O anteproxecto de lei aprobado hoxe establece que a Administración galega aboará neste 2016 o complemento específico devindicado da primeira paga extra do ano 2013, que corresponde cos meses de xaneiro e febreiro dese ano. Así, cada empregado público percibirá de media uns 180 euros, e terá un custo para a Xunta duns 25 millóns de euros.

A devolución afectará o conxunto de empregados públicos autonómicos, tanto o persoal funcionario como o persoal laboral, o persoal estatutario da sanidade, o persoal docente e non docente do ensino, ao persoal da Administración de Xustiza, e o persoal das entidades instrumentais do sector público autonómico. Tamén se estende o persoal das universidades públicas e ao persoal do ensino concertado.

A través deste anteproxecto de lei a Xunta efectuará esta devolución de oficio, evitando que os traballadores teñan que presentar recurso para obter a devolución. Tamén permitirá que os empregados públicos non teñan que facer unha declaración complementaria do IRPF do ano 2013, que si terían que facer se presentan un recurso.

Ademais, no marco do acordo coas tres organizacións sindicais –publicado onte no *Diario Oficial de Galicia*–, a Xunta tamén se compromete a recuperar a partir do 1 de xaneiro de 2017 –un ano antes do inicialmente previsto– o pagamento do complemento específico nas pagas extra dos empregados públicos. A Xunta explicita

así o seu compromiso, que se incluírá na tramitación da Lei de orzamentos para o vindeiro exercicio.

Recuperación salarial dos empregados públicos

O Executivo galego xa blindou por lei a recuperación salarial dos empregados públicos, consciente do esforzo que realizaron durante a crise. Por iso, este pagamento prodúcese no momento en que a recuperación económica e o cumprimento dos obxectivos de déficit están a permitir adoptar paulatinamente medidas de recuperación salarial.

Neste sentido, a Xunta ten aprobado a devolución da paga extra aprazada polo Goberno central en 2012, que se completará o vindeiro mes de setembro. O 50% desta paga extra devolveuse no ano 2015 e o resto estase devolvendo, segundo o previsto, neste ano. Outro 25% foi devolto na nómina do mes de abril e o restante 25% devolverase na de setembro.

Diversos acordos sindicais

Nos últimos meses, a Xunta alcanzou coas organizacións sindicais diversos acordos que redundan en melloras para o conxunto dos empregados públicos ou para un mellor funcionamento da Administración autonómica.

Así, a Xunta acordou cos sindicatos que, de maneira voluntaria, un traballador poida solicitar a partir dos 61 anos unha xubilación parcial, cunha redución da súa xornada entre un mínimo dun 25% e un máximo do 75%. Cada unha destas xubilacións tradúcese nun novo traballador ocupado, xa que por cada traballador que se xubila contrátase un desempregado.

O Goberno galego tamén pactou cas organizacións sindicais incrementar as prazas de promoción interna para persoal laboral na oferta de emprego público correspondente ao ano 2016, o que suporá duplicar o oferta do ano anterior. E tamén acordou cos representantes dos traballadores públicos que a oferta de emprego público do ano 2017 se centre nas categorías de persoal laboral con maior temporalidade. De igual xeito, ambas as partes acordaron repoñer os días de vacacións e de libre disposición para os empregados públicos.

No ámbito do Sergas, a Xunta e os sindicatos acordaron crear a categoría estatutaria de enfermeiro/a especialista, unha vella reivindicación deste persoal asistencial, así como regular o itinerario profesional dos colectivos de persoal médico do sistema público de Galicia. E no eido da mobilidade interna, pechouse cos sindicatos un acordo que establece as condicións de mobilidade interna para os empregados en hospitais de Galicia.

Ademais, ambas as partes chegaron a un acordo para as instrucións sobre funcionamento e actuacións dos tribunais para a selección, a través de concurso oposición, de diferentes categoría estatutarias. E no ámbito da selección de persoal temporal, renovouse unha vez máis un pacto de selección temporal para persoal estatutario do Sergas e entidades públicas adscritas, que rexe os contratos que se fan cada ano para manter a prestación dos servizos sanitarios á cidadanía.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O INICIO DAS EXPROPIACIÓNS PARA A MELLORA DA ESTRADA LU-124, ENTRE LINDÍN E A CRUZ DA CANCELADA, NO CONCELLO DE MONDOÑEDO, NA CAL SE INVESTIRÁN 1,68 MILLÓNS DE EUROS

- *As obras teñen por obxecto mellorar a seguridade viaria da estrada que dá acceso á Autovía do Cantábrico cos municipios da Pontenova, Riotorto e A Pastoriza e a previsión é licitalas este verán*
- *O proxecto aprobado recolle a necesidade de expropiar 100 predios, por un importe de case 125.000 euros*
- *As obras de mellora de ampliación e mellora realizaranse con criterios semellantes aos adoptados na mellora efectuada en 2015 no tramo comprendido entre o núcleo de Mondoñedo e o enlace de Lindín desta vía, na que a Xunta investiu máis de 700.000 euros*
- *Os traballos inclúen a ampliación da calzada ata acadar unha sección de 6,5 metros, a mellora da drenaxe e o estendido dunha capa de rodadura no tramo*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o inicio das expropiacións para a mellora da estrada LU-124, entre Lindín e A Cruz da Cancelada, no concello de Mondoñedo, na que se investirán 1,68 millóns de euros. O Decreto de utilidade pública aprobado comprende as expropiacións dos 100 predios necesarias para a ampliación e mellora desta estrada autonómica, por importe de case 125.000 euros.

As obras teñen por obxecto mellorar a seguridade viaria da estrada que dá acceso á Autovía do Cantábrico cos municipios da Pontenova, Riotorto e A Pastoriza e a previsión é licitalas este verán.


A mellora definida na estrada no treito comprendido entre o enlace de Lindín da autovía A-8 e A Cruz da Cancelada pretende acadar unha maior seguridade e comodidade dos usuarios da vía. Deste xeito, facilitaranse os desprazamentos desde a autovía do Cantábrico cara aos municipios da Pontenova, Riotorto e A Pastoriza.

As obras levaranse a cabo entre os puntos quilométricos 9+465 (enlace coa autovía) e 15+294 (glorieta existente na intersección coa LU-122, límite co Concello de Riotorto). Realizaranse con criterios semellantes aos adoptados na mellora realizada en 2015 no tramo comprendido entre o núcleo de Mondoñedo e o enlace de Lindín desta vía, na cal a Xunta investiu máis de 700.000 euros.

Os traballos previstos nesta estrada inclúen a ampliación da calzada ata acadar unha sección de 6,5 metros e a mellora dos elementos de drenaxe, tanto dos lonxitudinais, executando gabias tendidas de seguridade, como dos transversais á infraestrutura,

que serán substituídos nalgúns casos para ampliar a súa capacidade. Ademais, disporase unha nova capa de rodadura en todo o tramo.

A seguir, un plano no que se amosa o treito obxecto das actuacións de mellora.



A XUNTA PERMITIRÁ AOS DONOS DE ANIMAIS DE COMPAÑÍA ENTERRAR OS SEUS RESTOS PARA DARLLES UN TRATO ACORDE COS SEUS LAZOS AFECTIVOS

- *Elimínase a obriga de levalos a un centro de destrución autorizado e regúlase tamén a apertura de cemiterios de mascotas*
- *Estas posibilidades están recollidas no decreto que aprobou hoxe o Consello do Goberno galego e que regulará ademais a eliminación de certos subprodutos animais non destinados ao consumo humano*
- *Con esta norma concréntanse tamén aspectos relacionados coa localización das explotacións porcinas*

A Xunta autorizará –cumprindo unha serie de requisitos– o enterramento de cadáveres de animais de compañía en predios privados, eliminando a obriga de trasladalos a un centro de destrución autorizado. Ademais, regulará a prestación deste tipo de servizos por parte de terceiros, co que se permitirá o funcionamento de cemiterios de mascotas, aspectos ata o de agora recollidos pola normativa europea pero non desenvolvidos na lexislación autonómica.

Estas cuestións recóllense nun novo decreto aprobado hoxe polo Consello do Goberno galego e que regulará de xeito máis racional e rendible a xestión dos subprodutos animais non destinados ao consumo humano na nosa comunidade.

O decreto regula a eliminación destes subprodutos (chamados tecnicamente *sandach*) en determinadas explotacións gandeiras e de animais de compañía, sempre sen menoscabo da protección da saúde pública, a sanidade animal e o ambiente.

Así, regúlanse fundamentalmente catro aspectos. En primeiro lugar, a eliminación mediante enterramento dos cabalos mortos nas explotacións equinas. En segundo termo, a eliminación, mediante degradación *in situ*, de cadáveres de animais equinos explotados en liberdade mortos nos pastos. En terceiro lugar, a eliminación mediante enterramento das abellas mortas e outros subprodutos animais non destinados ao consumo humano da apicultura e, por último, o enterramento dos cadáveres de animais de compañía.

Deste xeito, no eido da produción gandeira, en explotacións equinas e apícolas autorízanse unhas prácticas máis racionais de eliminación mediante enterramento de cadáveres e subprodutos animais non destinados ao consumo humano; mesmo no caso de animais que morren nos pastos de explotacións equinas extensivas en liberdade, autorízase a súa degradación *in situ*.

Por outra banda, establécese a posibilidade de dar aos cadáveres dos animais de compañía un tratamento acorde cos lazos afectivos que moitos donos establecen con eles mesmos, regulando o seu enterramento, ben directamente polas persoas propietarias ou ben por terceiros.

Seguridade alimentaria

Os subprodutos animais non destinados ao consumo humano representan un risco potencial para a sanidade animal, a saúde pública e o medio ambiente. Por mor de diversas alertas alimentarias, principalmente da chamada crise das vacas tolas, a Unión Europea dotouse dunha lexislación en materia de seguridade alimentaria baseada principalmente en evitar o desvío destes subprodutos á cadea alimentaria humana ou animal. O que se fai agora con este decreto é desenvolver esta normativa europea no eido autonómico.

Ademais, considérase que a eliminación dos cadáveres de cabalos e abellas e dos subprodutos da apicultura non destinados ao consumo humano mediante o seu enterramento controlado pode contribuír a incrementar a eficiencia das explotacións, ao exonerar aos seus titulares de ter que transportalos aos correspondentes establecementos de eliminación.

Explotacións porcinas

Por outra parte, este decreto definirá con claridade o concepto de núcleo urbano para os efectos de determinar a distancia sanitaria das explotacións porcinas aos núcleos de poboación. A normativa sectorial de porcino establece a necesidade de gardar unha distancia de 1.000 metros en relación cos núcleos urbanos. Porén, este termo non está definido na dita normativa, xurdindo problemas para a súa aplicación.

Dada a gran dispersión de vivendas existente no medio rural galego, precísase concretar o termo, de xeito que esas distancias se cumpran respecto a entidades de poboación de certa importancia, cumpríndose no resto dos casos o establecido na Lei do solo de Galicia. Determínase así que núcleo urbano corresponde –para estes efectos sanitarios– a un núcleo habitado por, cando menos, cen persoas.

Deste xeito quedará regulado o contido exacto do termo, facilitando unha maior protección e seguridade xurídica tanto aos concellos como aos gandeiros que desexen iniciar a actividade no sector porcino.

Garántese, ao tempo, que non existe risco para a saúde das persoas cunha concreción normativa que, en todo caso, ten efectos unicamente no ámbito sanitario e non atinxe nin a normativa ambiental nin a urbanística.

A XUNTA INCORPORA 46 NOVOS PROCEDEMENTOS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO Á SEDE ELÉCTRICA

- *No ano 2014 o Goberno galego puxo en marcha o 'Plan Achega', co obxectivo de acadar unha Administración máis áxil, eficiente e próxima nas súas relacións coa cidadanía*
- *Incorpóranse procedementos como concesión de augas, constitución de comunidade de usuarios, protección da legalidade urbanística, cambio de titularidade de aproveitamentos hidráulicos, primeira licenza de pesca fluvial ou inscrición nas probas para obter a primeira licenza de caza, entre outros*
- *Coa incorporación destes 46 novos procedementos á sede electrónica xa ascenden a 1.210 os trámites aos cales os galegos e galegas poden acceder de xeito electrónico. Isto supón un 81,4 por cento do total que oferta a Xunta de Galicia*

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se incorporan 46 novos procedementos administrativos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio á sede electrónica da Xunta, <http://sede.xunta.es>.

Coa incorporación destes 46 novos procedementos á sede electrónica xa ascenden a 1.210 os trámites aos cales os galegos e galegas poden acceder de xeito electrónico. Isto supón un 81,4 por cento do total que oferta a Xunta de Galicia. Como alternativa, en 40 deles tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel, e en 6 deles, a sede electrónica configúrase como a canle de uso obrigatorio para a presentación das solicitudes. O número total de procedementos dados de baixa despois de todas as revisións feitas ata o de agora é de 283.

Na actualidade, só quedan por revisar 253 procedementos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Sanidade, que está previsto que estean xa revisados no mes de setembro, polo que se dará xa por concluído este proceso de revisión de todos os procedementos administrativos no sector público autonómico.

Esta actuación englobase dentro do Plan de axilización administrativa 2014-2016 -Plan Achega-, un plan que ten coma obxectivo acadar unha Administración máis áxil, eficiente e próxima nas súas relacións coa cidadanía, e que recolle unha serie de medidas concretas destinadas a revisar, dentro do período 2014-2016, os procedementos administrativos que aínda non permitían a súa iniciación electrónica para melloralos, simplificalos e posibilitar a súa presentación electrónica, como garantía do principio de celeridade que a Administración galega asume dentro dos seus compromisos de actuación.

Procedementos revisados

Mediante este acordo aprobado hoxe foron revisados 86 procedementos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, polo cal un total de 39 procedementos foron dados de baixa por non ser utilizados ou por estar obsoletos; 46 procedementos foron preparados para admitir a súa dispoñibilidade electrónica, dos que cabe destacar que 15 destes procedementos son novos e foron desagregados doutros 4 coa finalidade de clarificar e facilitar o seu uso e tramitación polos cidadáns, e finalmente 1 procedemento xa foi incorporado á sede electrónica a través da súa propia regulación normativa específica.

Así, desta volta incorporaranse procedementos como concesión de augas, constitución de comunidade de usuarios, protección da legalidade urbanística, cambio de titularidade de aproveitamentos hidráulicos, inclusión no catálogo galego de árbores senlleiras, primeira licenza de pesca fluvial, inscrición nas probas para obter a primeira licenza de caza. Como procedementos novos que se incluíron no presente acordo están a resolución de instrumentos de planeamento urbanístico; aprobación definitiva; trámite posterior á aprobación inicial do planeamento xeral; realización de obras na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre; autorización de planta móbil para o tratamento de residuos; modificación da autorización no rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia; comunicación de actividade de negociante de residuos non perigosos; modificación da inscrición no rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia; comunicación de actividade de negociante de residuos perigosos, ademais da comunicación de actividade de axente de residuos non perigosos.

Incorporaranse tamén a comunicación de transporte profesional de residuos non perigosos; a comunicación de transporte profesional de residuos perigosos, a comunicación de produción de residuos perigosos en cantidade inferior a 10 t/ano; a comunicación de actividades de produción de residuos non perigosos en cantidade superior a 1.000 t/ano, e a comunicación de actividade de produción de residuos perigosos en cantidade igual ou superior a 10 t/ano.

Presentación solicitudes

As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de conformidade co establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.es/chave365>).

Opcionalmente, tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia. Naqueles procedementos que teñan como destinatarias as entidades locais a presentación de solicitudes será exclusivamente electrónica.

O CONSELLO DA XUNTA APROBOU HOXE INVESTIR 2 MILLÓNS DE EUROS NA ÚLTIMA FASE DA MELLORA DO SANEAMENTO DE BOIRO

- *As principais actuacións pasarán por renovar o colector do río Breiro, executar un estanque de retención e traballar na mellora da canle do río*
- *A Xunta xa investiu previamente 3,9 millóns de euros no novo interceptor da praia de Barraña, e na mellora dos bombeos de Esteiro e Sabuqueiro*

O Consello da Xunta aprobou hoxe un investimento de 2 millóns de euros que permitirá acometer a terceira e última fase da mellora do saneamento de Boiro. Esta contía súmase aos 3,9 millóns de euros xa investidos previamente no novo interceptor na praia de Barraña, e na mellora dos bombeos de Esteiro e Sabuqueiro. Deste xeito, o orzamento global consignado pola Xunta ao saneamento desta localidade ascende a preto de 6 millóns de euros.

Esta actuación está incluída no Plan de saneamento local da ría de Arousa e, entre outros avances, permitirá renovar o colector do río Breiro, executar un novidoso estanque de retención e habilitar unha nova rede de colectores de augas pluviais.

Máis polo miúdo, substituirase o colector existente mediante a execución dun novo, que se encargará de transportar e conectar as augas fecais e parte das pluviais procedentes do casco urbano co colector interceptor do paseo marítimo. Terá unha lonxitude de 978 metros. Sobre este, construírse tamén unha senda peonil.

Ademais, a posta en marcha dunha nova rede de colectores de augas pluviais, contemplada tamén neste proxecto, permitirá que as augas pluviais recibidas na conca alta do núcleo urbano de Boiro se trasladen ao tanque de retención. A súa lonxitude será de 239 metros.

Deste xeito, o novo estanque de retención que se creará ocupárase de recoller as augas pluviais desconectadas do colector do río Breiro. Esta instalación terá un volume total de 1.800 metros cúbicos e permitirá un tratamento axeitado das augas pluviais antes de que se vertan á canle do río.

Todos estes traballos complementaranse cun proxecto de mellora e limpeza do propio río, así como por unha ampliación da estrutura de paso das augas baixo a estrada AC-1105, co obxectivo de mellorar a capacidade de desaugamento desta canle fluvial.

Estas obras, que agora terán que ser licitadas no Diario Oficial de Galicia (DOG), contan cun prazo de execución de 8 meses.

A XUNTA PON EN MARCHA UN PLAN PARA PALIAR OS DANOS OCASIONADOS POLO XABARIL EN GALICIA

- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao acordo elaborado no seo dun grupo de traballo multidisciplinar*
- *O documento establece medidas ao redor de catro eixes: accidentes de tráfico causados por esta especie, danos á agricultura, xestión e aproveitamento do xabaril e labores de educación e formación*
- *Entre outras actuacións destacadas, inclúe unha identificación das zonas onde se concentran os accidentes de tráfico provocados por estes animais, nas cales se instalará unha sinalización específica para advertir do perigo*
- *Habilitaranse, en breve prazo, dúas liñas de axudas: unha destinada a paliar os danos producidos sobre cultivos agrícolas; e outra para previr estas situacións*
- *Incrementarase as análises sobre a especie, para unha mellora da xestión e conservación destes animais*
- *Fomentaranse campañas contra o furtivismo e traballarase, da man do sector cinexético, para unha adecuada planificación das batidas que afasten os xabaris das vías de alta capacidade*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao *Plan de acción global contra os danos ocasionados polo xabaril*, presentado pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio tras meses de reunións dun grupo de traballo multidisciplinar no cal participaron as distintas administracións titulares das estradas (Ministerio de Fomento e Axencia Galega de Infraestruturas), a Dirección Xeral de Tráfico, a Garda Civil de Tráfico, a Federación Galega de Caza, e as consellerías do Medio Rural e de Medio Ambiente.

O xabaril mantén unha poboación abundante na xeografía galega, o que supón, non só un expoñente de biodiversidade, senón tamén un elemento destacado no equilibrio biolóxico do medio en que habita. Con todo, en ocasións as súas necesidades alimenticias entran en conflito cos intereses dos agricultores, ou ben a súa presenza cerca de vías de circulación pode afectar a seguridade. De aí a necesidade de establecer un Plan que permita conciliar a preservación da especie coa minoración e prevención dos danos que estes animais poidan ocasionar.

Para conseguilo, o Plan aprobado hoxe articula medidas ao redor de catro eixes: accidentes de tráfico provocados por estes animais, danos á agricultura, xestión e aproveitamento da especie e labores de educación dos colectivos implicados.

En canto ao primeiro dos eixes, o documento establece que se definirán, tras un traballo de análise rigorosa, as zonas onde se concentran os accidentes provocados por estes animais (ZCAA). Logo de telas identificado, implementarase unha segunda

fase destinada á executar medidas correctoras. Así, por exemplo, instalarase a sinalización necesaria para informar os condutores do perigo nestes treitos. Ademais, prevése a execución de pasos de fauna nas estradas de nova construción ou a rexeneración do terreo natural da especie. Cabe destacar que tamén se prevé a posibilidade de incorporar á aplicación para dispositivos móbiles da DXT a identificación destas ZCAA, o que permitirá transmitir información en tempo real do estado destas zonas.

Un millón de euros en liñas de axudas

No que se refire ao segundo eixe, de danos á agricultura, a Consellería de Medio Ambiente convocará, antes de rematar este mesmo mes, dúas liñas de axuda neste sentido que suman un millón de euros. A primeira delas está destinada a paliar os danos producidos sobre cultivos agrícolas. A segunda, que disporá dun orzamento de 400.000 euros, ten como obxectivo previr os danos que poden causar as especies da fauna silvestre (en que se inclúen outras especies como o lobo, ou o oso pardo). Nesta última convocatoria incluíranse subvencións para a adquisición de pastores eléctricos.

Tamén está previsto o fomento da contratación dos liñas de seguros agrarios, incrementando a porcentaxe da axuda outorgada pola comunidade autónoma para a contratación destes servizos.

O terceiro eixe, referido á xestión e aproveitamento da especie, contén medidas dirixidas á análise de períodos hábiles de caza do xabaril, fomento de campañas fronte ao furtivismo e mellora da xestión da especie dentro de espazos naturais protexidos, para evitar que estas zonas se convertan en refuxios para o xabaril.

Por último, a cuarta liña de actuación centrarase na educación e na formación. Entre outras iniciativas, difundirase e manterase actualizada a información dispoñible, dando traslado aos diferentes colectivos afectados das medidas postas en marcha a través de dípticos informativos. Tamén se traballará da man do sector cinexético na mellora da organización das accións colectivas de caza, para buscar unha planificación adecuada das batidas no sentido de dirixir os animais cara ás zonas máis afastadas das vías de alta capacidade durante o transcurso destas.

A XUNTA MOBILIZA INVESTIMENTOS POR 87 MILLÓNS EN DOUS ANOS NA ACTIVACIÓN DE 25 UNIDADES MIXTAS DE INNOVACIÓN QUE XERAN 360 EMPREGOS CUALIFICADOS

- *Economía e Industria reforza a súa aposta por estas iniciativas de investigación cunha terceira convocatoria de 5 millóns de euros en apoios públicos, que suporá a creación de máis de 90 postos de traballo*
- *Entre as dúas primeiras convocatorias, o Goberno galego apoiou xa 19 Unidades, protagonizadas por centros de coñecemento galegos e empresas líderes nos seus sectores como Gas Natural, Repsol, Everis, PSA Peugeot-Citröen, Roche Farma, Coren ou Navantia*
- *A nova convocatoria porá o foco na participación de pemes galegas e contribuirá a consolidar as iniciativas que xa están en marcha*
- *Mediante esta medida, enmarcada na Estratexia de especialización intelixente-RIS3, o Goberno galego estimula a atracción de capital privado con destino a impulsar a innovación galega e a captación e retención de talento*

O Goberno galego aprobou unha nova convocatoria das unidades mixtas de investigación coas que, nos últimos dous anos, puxo en marcha 19 iniciativas que suman o esforzo de grandes empresas e centros de coñecemento galegos para impulsar proxectos innovadores de vangarda, impulsar a competitividade do tecido empresarial, e xerar empregos cualificados. Esta nova convocatoria suma 5 millóns de euros de apoios públicos, que permitirán xerar investimentos por valor de 17 millóns e xerar 90 empregos cualificados.

Con esta edición, a Xunta espera acadar un total de 25 unidades mixtas. Desta maneira, o programa supón un investimento público-privado de 87 millóns de euros, que impulsa a xeración de 360 empregos cualificados. As unidades mixtas activadas ata o de agora están a permitir aos investigadores e tecnólogos galegos de universidades e centros tecnolóxicos colaborar con empresas líderes nos seus sectores: Gas Natural, Repsol, Everis, Esteve, PSA Peugeot-Citröen, Borg Warner Emissions Systems, Jealsa-Rianxeira, Ecurís, Grupo Copo, Navantia, Wartsila Ibérica, Vulcano, Viza, GKN Driveline Vigo, Calvo, Coren, Roche Farma, TRC Informática e Viaqua.

A nova convocatoria de unidades mixtas, que se publicará ao longo deste mes, terá como novidade principal unha especial atención a aqueles proxectos en que participen pemes, co obxecto de reforzar a competitividade do tecido galego de pequenas e medianas empresas.

No marco das prioridades da Estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS3), estas unidades teñen como reto fundamental incrementar a competitividade das

industrias con máis peso na economía galega. Neste senso, a maior parte dos proxectos aprobados desde 2014 correspóndense con sectores estratéxicos como a automoción, o naval ou a alimentación.

Requisitos para crear unha unidade mixta

A convocatoria está aberta aos centros tecnolóxicos, universidades, fundacións de investigación sanitaria e centros galegos do Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC), que acrediten ter captado o interese de empresas para desenvolver conxuntamente proxectos de innovación, co compromiso de manter a unidade un mínimo de tres anos. O resultado debe ser unha unidade mixta de I+D+i con entidade física propia, persoal da empresa destinado nas súas dependencias e un orzamento mínimo de 2 millóns de euros. O centro e a empresa participarán de maneira conxunta dos resultados, polo que as unidades activarán a posta en valor dese coñecemento no mercado.

Así, a Xunta continúa a apostar pola colaboración público-privada para impulsar ambiciosos proxectos de innovación con impacto no mercado. As unidades mixtas de investigación, neste senso, encádranse nun esquema de traballo similar ao do polo tecnolóxico e industrial de avións non tripulados, un proxecto de 115 millóns de euros onde a Xunta comparte riscos e resultados tecnolóxicos coas multinacionais Indra e Inaer.

O programa é tamén un dos piares da captación e retención de talento na nosa comunidade, sumándose así a outras iniciativas como o programa Principia, recentemente aprobado e que permitirá a contratación de 300 investigadores menores de 35 anos en empresas e centros de coñecemento galegos.

CULTURA E EDUCACIÓN INVISTE MÁIS DE 176.000 EUROS PARA FACILITAR O SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR A MÁIS DE 400 ALUMNOS CON DISCAPACIDADES

- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á colaboración entre o departamento educativo e once asociacións especializadas na atención destas persoas*
- *Estes acordos favorecen unha atención individualizada do alumnado que require unha resposta adecuada ás súas singularidades*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria renovou a súa colaboración con once asociacións e entidades especializadas na atención a persoas con discapacidades, co obxectivo de facilitar o servizo de comedor escolar no curso 2016/17 a máis de 400 alumnos. Así o acordou hoxe o Consello da Xunta, que deu o visto e praxe á sinatura das diferentes addendas aos convenios xa postos en marcha o ano pasado. Dotados cun investimento total superior aos 176.000 euros, os ditos acordos buscan garantir unha atención individualizada, así como dar unha resposta adecuada ás necesidades e particularidades de cada usuario.

En concreto, a Consellería volverá colaborar coa Asociación Comarcal de Educación Especial Santísimo Cristo del Amor (Aceesca), a Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines (Amencer-Aspace), a Asociación de Familias de Persoas con Discapacidade Psíquica das Comarcas do Barbanza e Noia Amicos, a Asociación Autismo Ourense, a Asociación de Padres de Personas con Parálisis Cerebral-A Coruña (Aspace), a Asociación de Pais de Persoas con Trastornos do Espectro Autista da Provincia da Coruña Aspanaes, a Asociación a favor de las Personas con Discapacidad Intelectual de la Provincia de Pontevedra (Aspanaex), a Asociación Pro Personas con Discapacidad Intelectual de Galicia (Aspronaga), o Centro de Educación Especial Príncipe Felipe de Pontevedra, a Fundación Menela e a Asociación Nuestra Señora de Chamorro.

Atención específica e preferente

Estes acordos enmárcanse no compromiso do departamento educativo da Xunta de Galicia coa atención á diversidade do alumnado galego, garantindo o acceso á educación dun sector da poboación escolar galega que require unha atención específica e preferente.

Deste xeito, as diferentes asociacións e entidades comprométese a facilitar ao alumnado discapacitado a utilización do comedor escolar, asumindo a súa atención e coidado durante o período comprendido entre o remate das clases matinais e o propio remate do servizo de comedor.

Ademais, cómpre sinalar o carácter educativo que ten o comedor escolar para este alumnado con distintos tipos de discapacidades, en canto ao aprendizaxe de habilidades que redunden nunha maior autonomía persoal e, polo tanto, nunha maior inclusión.

Servizo de transporte adaptado

Dun xeito complementario, a Xunta tamén vén garantindo o servizo de transporte escolar adaptado para estas persoas. Deste xeito, o vindeiro curso beneficiaranse 378 alumnos e alumnas deste servizo, en virtude dos diferentes convenios asinados con asociacións especializadas, acordos aos cales a Consellería destina máis dun millón de euros.

A XUNTA DE GALICIA CONVOCARÁ SUBVENCÍONS DESTINADAS ÁS ENTIDADES LOCAIS PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS NO MARCO DA REDE GALEGA DE ATENCIÓN TEMPERÁ

- *A finalidade será a implantación destes e/ou a consolidación dos existentes, que poderán ser prestados polos concellos de forma individual ou ben conxunta, mediante o sistema de xestión compartida*
- *A convocatoria financiará a prestación de servizos desta natureza nos anos 2016 e 2017 e o investimento superará os 2,2 millóns de euros*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a orde pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán a concesión de subvencións ás entidades locais galegas para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá nas anualidades 2016 e 2017, tanto para a implantación de novas unidades como para a consolidación das existentes. Este servizo poderá ser prestado polos concellos de forma individual ou ben conxunta, mediante o sistema de xestión compartida.

O obxectivo destas é dar resposta o antes posible ás necesidades transitorias ou permanentes que presenten os nenos e nenas de 0-6 anos, con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos, apostando por un modelo de servizo baseado na prevención e na promoción da autonomía persoal e na inclusión social mediante a prestación dos servizos na proximidade das familias e nos contornos naturais da vida dos nenos e nenas.

Por iso, considérase o ámbito municipal, pola súa proximidade á cidadanía e polo coñecemento da situación específica da súa poboación, como o idóneo, tendo en conta, ademais, que un dos principios reitores da Rede galega de atención temperá é a descentralización e proximidade, co obxectivo dun achegamento eficiente ás persoas destinatarias implementando, sempre que sexa posible, actuacións de base comunitaria para a inclusión social e nas que, polo tanto, a rede de recursos comunitarios (sociais, sanitarios e educativos) son peza fundamental nunha atención e prestación de calidade, motivo polo que esta convocatoria está destinada a reforzar eses recursos sociais de proximidade.

A convocatoria financiará a prestación de servizos desta natureza nos anos 2016 e 2017, e estará cofinanciada con fondos do FSE (80%) e fondos da Comunidade Autónoma (20%). O crédito inicial previsto é de 2.252.216 euros, dos que 1.117.140 euros estarán destinados á anualidade 2016 e 1.135.076 euros á de 2017.

Estas subvencións, ademais de consolidar a Rede galega de atención temperá e que deste xeito se chegue a máis puntos do territorio, serven para seguir reforzando a coordinación dos profesionais que prestan este servizo e para facilitar a súa formación,

a través do desenvolvemento de programas de formación promovidos desde a Xunta de Galicia, a través da colaboración conxunta das consellerías de Sanidade, de Educación e de Política Social.

Esta actuación está aliñada co eixe 2 do Plan estratéxico de Galicia (Benestar das persoas) 2015-2020, e coa Estratexia galega sobre discapacidade 2015/2020. Así mesmo, é unha das principais actuacións previstas na Axenda galega de atención temperá 2015-2016, que contén o marco de acción da atención temperá en Galicia para 2015-2017 cun total de 70 medidas a realizar neste período, e da que tamén cómpre sinalar, como exemplos claros da coordinación entre os tres sistemas implicados na atención temperá (sanitario, educativo e servizos sociais), o programa de formación en atención temperá para os profesionais destes tres sistemas e que neste 2016 vai ter a súa segunda edición. A acción coordinada dos tres sistemas é o eixo clave que ten que garantir a abordaxe integral e temperá do desenvolvemento infantil e o apoio ás familias.

A XUNTA DE GALICIA APROBA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A CREACIÓN DE ESCOLAS INFANTÍS DE 0 A 3 ANOS EN POLÍGONOS INDUSTRIAIS, QUE PROPORCIONARÁN MÁIS DE 450 NOVAS PRAZAS

- *A convocatoria conta cun orzamento superior aos 2,3 millóns de euros*
- *A través desta convocatoria subvencionarase a realización do proxecto básico e de execución para a construción ou reforma dun inmovible, así como o acondicionamento da parcela entre outras actuacións*
- *Trátase dunha medida con que se pretende avanzar na corresponsabilidade da Administración pública e o tecido empresarial no desenvolvemento de medidas de conciliación de modo que as familias poidan dispoñer dun lugar para a atención dos seus fillos e fillas preto do seu posto de traballo*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a convocatoria de axudas económicas para a creación de escolas infantís de 0 a 3 anos en polígonos industriais e parques empresariais, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020. Trátase dunha medida pioneira en Galicia que proporcionará un mínimo de 451 novas prazas de atención á infancia en contornos empresariais.

Estas axudas están destinadas a apoiar a posta en marcha de novas escolas infantís coas que se dote de prazas de atención á primeira infancia aos polígonos industriais de Galicia. Trátase dunha actuación coa que se pretende avanzar na corresponsabilidade da administración pública e o tecido empresarial no desenvolvemento de medidas de conciliación de modo que as familias poidan dispoñer dun lugar para a atención dos seus fillos e fillas preto do seu posto de traballo. Así mesmo, contribuirá ao aumento de produtividade das empresas e a que estas melloren a súa posición no mercado a través dunha mellor administración do seu capital humano e da promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

A través desta convocatoria subvencionarase a realización do proxecto, o acondicionamento da parcela e a construción ou reforma dun inmovible para a creación da escola, así como o seu equipamento, incluído o mobiliario e o material didáctico e de xogo.

Poderán ser beneficiarias destas axudas as asociacións empresariais ou entidades representantes dun parque empresarial ou polígono industrial, a título individual ou agrupadas que reúnan os seguintes requisitos: desenvolver a súa actividade no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia; dispoñer dunha parcela de terreo apta para o establecemento dunha escola infantil nun polígono industrial ou nas súas inmediacións; achegar un estudo que reflicta que existe un mínimo de 50 nenos/as menores de tres anos potenciais usuarios/as (incluídos os/as non nados/as e en

proceso de adopción) e presentar un plan de viabilidade que permita a posta en funcionamento e o mantemento do centro durante un mínimo de 5 anos.

No tocante ás características das escolas infantís que se creen, estas constarán cun mínimo de tres unidades e 41 prazas. Así mesmo, a parcela onde se localicen estará separada da actividade industrial, preferentemente nunha zona axardinada que protexa o edificio das condicións exteriores, e non estará adosada a naves ou establecementos susceptibles de actividades perigosas.

A convocatoria conta cun orzamento total de 2.343.468 euros distribuídos en dúas anualidades, dos cales 585.867 euros corresponden ao ano 2016 e 1.757.601, ao ano 2017. Estas axudas serán incompatibles con outras subvencións, axudas e ingresos ou recursos para a mesma finalidade de calquera outra Administración ou ente público.

As axudas concederanse en réxime de concorrencia competitiva, prestando atención, ademais de ao número de persoas traballadoras do polígono industrial ou parque empresarial, ao número de fillos/as menores de tres anos destes traballadores/as, á adecuación do número de unidades da escola proposta, ao número de nenos/as potenciais usuarios/as, así como á porcentaxe de persoas traballadoras menores de 45 anos, entre outros criterios.

Tamén, para contribuír á racionalización dos recursos públicos, recibirán puntuación as solicitudes conxuntas para a posta en marcha dunha escola infantil que dea cobertura a máis dun parque empresarial ou polígono industrial.

Este recurso é complementario a outras medidas da Consellería de Política Social como a Rede de escolas infantís, o financiamento de preto de 2.700 prazas en escolas infantís de iniciativa social (convocatoria dotada con 3.067.000 euros), o programa Bono Concilia do que poderán beneficiarse ao redor de 2.400 familias ou a posta en marcha de Casas niño no rural, co que se espera crear 30 casas niño que ofertarán un total de 150 prazas.

Programa de axuda á natalidade

A creación de escolas infantís 0-3 en parques empresariais ou polígonos industriais é un dos recursos previstos na área de conciliación do Programa de apoio á natalidade PAN, que consta de tres eixes fundamentais.

No primeiro eixe –PAN Axudas- enmárcase a Tarxeta Benvida, e inclúe outras medidas compatibles como a dedución fiscal por nacemento ou o pagamento único por neno ou nena menor de tres anos.

No PAN Servizos enmárcanse recursos e servizos para as familias galegas co obxecto de crear contornos favorables e mellorar o seu benestar no momento da chegada dun fillo ou filla e acompañalas dun xeito integral, como a creación dun banco de leite materno ou a posta en marcha do fogar dixital para acompañar o embarazo e a chegada dun fillo/a.

O obxectivo das actuacións recollidas no PAN Concilia é crear un ambiente social favorable no que non entren en conflito as responsabilidades parentais de coidado co acceso e permanencia no mercado de traballo, tanto mediante a posta á disposición das familias de recursos que lles permitan compatibilizar o desempeño profesional cos labores de atención e coidado das fillas e fillos, como mediante o fomento da corresponsabilidade no fogar e da implicación empresarial.

O número de prazas en escolas infantís que dependen da Xunta de Galicia ou nas cales participa a Administración autonómica ascenderá o vindeiro curso escolar a un total de 22.316. Esta cifra supón un incremento de máis de 8 puntos en comparación coa situación actual, con 1.781 novas prazas no curso 2016/17 .

Hoxe en día Galicia supera a ratio aconsellada pola Unión Europea en canto a prazas en escolas infantís. Dende o ano 2009 a Administración autonómica aumentou a ratio de cobertura un 14%, pasando do 19 % a máis do 33% actual. Ademais, no vindeiro curso a rede de escolas infantís alcanzará unha cobertura superior ao 37% dos nenos/as galegas de 0 a 3 anos. Isto supón un aumento de 4 puntos en comparación coa ratio do curso 2015/16.

O obxectivo da Administración autonómica é conseguir que todas as familias solicitantes dunha praza para a atención de nenos e nenas de entre cero e tres anos a obteñan e que non exista lista de agarda.

A XUNTA CONSTITÚESE COMO ACCIÓN POPULAR NO PROCESO POLA MORTE POR VIOLENCIA DE XÉNERO DE CARIDAD PÉREZ CALDERÓN

- *Desde o ano 2013, o Consello da Xunta aprobou constituíuse como parte en todos os procesos penais en caso de morte por causa de violencia de xénero*
- *Na actualidade, con este xa son 12 os procesos penais en que o Goberno está constituído como parte*

A Asesoría Xurídica da Xunta constituíuse como parte a instancia da Secretaría Xeral de Igualdade, como acción popular no caso da morte de Caridad Pérez Calderón por violencia de xénero. Concretamente, os/as letrados/as da Xunta de Galicia constituíronse como parte nas dilixencias previas abertas no Xulgado de Instrución número 2 de Ferrol, que aceptou a constitución como parte.

No ano 2013, o Consello da Xunta aprobou o protocolo para o exercicio da acción popular por parte da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia nos procedementos penais en caso de morte por causa de violencia de xénero.

No dito acordo dispónse que os/as letrados/as da Xunta de Galicia presentarán perante o xulgado de instrución ou de vixilancia de violencia sobre a muller onde se estea a tramitar unha instrución por falecemento por causa de tal violencia de xénero escrito procesual en que se exerce a acción popular constatada a súa existencia, sempre e cando se conte coa autorización da familia para esta acción.

Con esta iniciativa, a Xunta deu cumprimento ao artigo 30 da Lei 11/2007 galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, como un paso máis na procura da igualdade efectiva entre homes e mulleres, concretamente na loita contra a violencia de xénero, e afianzou o compromiso institucional coa erradicación desta lacra.

A XUNTA ACTIVA A PRIMEIRA REVISIÓN DO PLAN FORESTAL DE GALICIA DESDE A SÚA APROBACIÓN EN 1992

- *O Consello deu hoxe o seu visto e praxe ao inicio dos trámites para levar a cabo esta modificación, a partir do máximo consenso co sector*
- *O Goberno galego avaliou as directrices aprobadas por un grupo de traballo creado con este fin no seo do Consello Forestal*
- *Entre os principios reitores que inspiran esta revisión está a utilización eficiente dos recursos, a optimización da contribución do monte e do sector forestal ao desenvolvemento rural, o crecemento e a creación de emprego e a fixación de poboación*

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe ao inicio da tramitación da primeira revisión do Plan Forestal de Galicia (PFG). Este documento aprobouse no 1992 e 24 anos despois cómpre analizar o seu cumprimento e proceder á adecuación do seu modelo de monte ás novas circunstancias, demandas e tendencias emerxentes, tanto en Galicia como a nivel nacional e internacional.

O PFG concíbese como instrumento de planificación estratéxica da política forestal galega que debe establecer os obxectivos, directrices e programas de actuación necesarios para o seu desenvolvemento e a súa execución.

Co fin de revisar este plan quedou constituído un grupo de traballo específico no seo do Consello Forestal de Galicia, composto por 2 coordinadores e por 26 membros en representación da Administración autonómica, universidades galegas, propietarios e empresas forestais, empresas de servizos, colexios profesionais, grupos ecoloxistas e sindicatos do sector.

Principios reitores

Este grupo de traballo estableceu unha serie de directrices para a revisión do PFG, que ten como principios reitores a utilización eficiente dos recursos, a optimización da contribución do monte e do sector forestal ao desenvolvemento rural, o crecemento e a creación de emprego e a fixación de poboación. Tamén, a responsabilidade fronte aos bosques, o fomento dunha produción e consumo sustentable e acadar un monte multifuncional e sustentable, compatibilizando os distintos usos e servizos e contribuíndo deste xeito a un medio rural vivo e equilibrado.

Outros principios que inspiran a modificación do plan teñen que ver co aumento ou mantemento da contribución do sector ao PIB galego, incrementando a calidade da madeira producida e fortalecendo todos os elos da cadea monte-industria, incluídas as segundas transformacións dos produtos forestais.

Procúrase ademais potenciar decididamente as empresas de produción e comercialización dos produtos forestais non madeireiros, establecer un marco de política forestal estable e independente da orientación política do goberno da Comunidade Autónoma e fixar unha batería de indicadores (cuantificables) que avalíen o grao de cumprimento dos obxectivos establecidos no PFG cada 5 anos. Establécese, por último, que o Plan forestal de Galicia terá un vixencia de 20 anos con revisións cada 10 anos.

Directrices

A partir destes principios, aprobáronse por consenso unha serie de directrices e recomendacións á Xunta de Galicia para a redacción da revisión do plan. Como orientacións estratéxicas nestas directrices cómpre destacar as seguintes:

En primeiro lugar, impulsar o emprego da madeira como medio sustentable e respectuoso co ambiente; aumentar decididamente a superficie arborada ocupada por frondosas caducifolias, mediante o fomento a plantación/rexeneración especialmente de castiñeiro, carballo e cerdeira; manter ou reducir a superficie arborizada ocupada por eucalipto, de acordo coas necesidades da industria, e incrementar a extensión da superficie de monte público (entidades locais menores, concellos, Comunidade Autónoma e Estado).

En segundo termo, consolidar a propiedade veciñal e fomentar a organización activa de comunidades de montes veciñais en man común (CMVMC) e a existencia de xuntas Reitoras; incrementar a superficie de pastos e forraxes en monte, co establecemento de modelos silvopastorís e axudas; fomentar a recuperación e conservación do patrimonio xenético, en colaboración co plan de mellora das razas autóctonas, e fomentar a creación de empresas ou asociacionismo relacionado cos sistemas de produción de carne, particularmente no seo das comunidades de MVMC.

En terceiro lugar, establecer medidas de control e manexo axeitadas para unha xestión sustentable das especies cinxéticas; incrementar a produción de castaña con axudas para a restauración e posta en produción de soutos vellos e creación de novos soutos; mellorar a competitividade das empresas de produción, comercialización e transformación e asegurar a intervención restauradora en áreas prioritarias dentro de incendios forestais de gran severidade que poidan provocar danos ao solo. Tamén, en relación cos incendios forestais, se propón compensar os titulares dos terreos polas limitacións de usos que poidan establecerse.

Avógase ademais polo incremento da calidade da madeira producida e por aproveitar a biomasa forestal con fins enerxéticos, así como por deseñar campañas específicas de prevención nas zonas de alto risco de incendio e por potenciar un modelo mixto público-privado no dispositivo de prevención.

No eido da loita contra os incendios, propónse incrementar a formación dos axentes encargados da investigación e traballar cara a un grupo integrado de investigación de causas que proporcione unha mellora real na persecución dos incendiarios, concentrando os recursos nas áreas fortemente conflitivas e mellorar o nivel de formación do persoal que compón o dispositivo de extinción. Neste mesmo campo, establécese que os membros das brigadas de extinción dos distritos forestais deben asumir como traballo cotián durante todo o ano as tarefas silvícolas preventivas.

Sanidade forestal

Canto á sanidade forestal, esta debe ser competencia da Administración forestal, desde o viveiro ata o produto transformado e creárase un servizo de avisos de pragas e doenzas forestais na páxina web da consellería competente en materia de montes. Deféndense modelos silvícolas e de boas prácticas forestais adaptados á Rede Natura 2000 e compensacións aos titulares de terreos polas limitacións á xestión, incluídas compensacións de carácter económico.

Tamén se propón a simplificación e unificación de trámites administrativos de autorización de cortas, sempre supeditado ao compromiso por parte do propietario de manter as mesmas especies como principais na masa de rexeneración e condicionada ao cumprimento de códigos de boas prácticas específicos.

En materia formativa, avógase por mellorar en contidos formativos de FP e ESO coa realidade do monte galego e a súa importancia para conservar a biodiversidade e por mellorar o nivel de información da sociedade sobre o forestal, a cadea dos produtos forestais, os MVMC e as comunidades de montes.

No terreo da I+D+i forestal, deféndese desenvolver un plan estratéxico integral, coa creación e supervisión por un Consello de Investigación Forestal público-privado.

Incentivos fiscais

Outras consideracións pasarían por desenvolver incentivos fiscais que faciliten a investimento privado de particulares ou empresas, polo mantemento, mediante medidas activas, do carácter da industria transformadora como un dos principais dinamizadores do desenvolvemento rural en Galicia, dada a súa presenza en toda a xeografía galega ou polo establecemento dun plan periódico de actuación fronte ás pragas e enfermidades do eucalipto e doutro plan específico de fomento do uso en repoboación de eucalipto *globulus* en áreas estacionalmente tradicionais desta especie, en detrimento de eucalipto *nitens*.